

FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

NORMAS PARA A PRÁCTICA DE PERCORRIDOS DE TIRO

CONSIDERACIÓNS XERAIS:

As competicións de percorridos de tiro rexeranse polos regulamentos técnicos oficiais de I.P.S.C.en vigor.

Ademais das normas vixentes de IPSC a FEGATO, como organizadora das competicións no ámbito autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o seu mellor desenvolvemento.

A clasificación da tirada realizarase co programa informático da Federación Internacional de I.P.S.C. ou, no seu defecto, por calquera outro contrastado polo Comité técnico da FEGATO.

CLUBS:

Os clubs interesados na práctica desta modalidade deberán estar adscritos á FEGATO e inscritos no Rexistro Nacional de Clubs ademais de posuír a habilitación federativa. Solicitar esta habilitación federativa implica ter acreditada a práctica das modalidades da ISSF.

Todos os clubs rexistrados e habilitados para exercer as actividades de percorridos de tiro deberán coñecer e acatar as normas e regulamentos vixentes para esta modalidade.

Obrigatoriamente terán contratado un seguro con cobertura de responsabilidade civil e danos a terceiros

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS:

Os clubs que desexen organizar competicións desta modalidade, ademais de cumprir coas condicións expostas nos apartados anteriores, deberán enviar co tempo suficiente, en calquera caso nunca será inferior a un mes antes da celebración da proba, unha copia completa do programa que se vai realizar, no que deben figurar:

- Os exercicios que se van realizar co seu esquema
- Nome do director da competición e relación de árbitros propostos
- Formulario de inscrición e de reclamación
- O prazo límite de inscrición e todas as demais especificacións necesarias para a realización da competición.

Unha vez examinada pola Comisión técnica da FEGATO comunicarase, no prazo máximo de dez (10) días, a aceptación da proba e do programa, coas modificacións precisas se has houber atendendo sempre á súa adecuación ó regulamento e ós puntos de vista da seguridade.

Encargarase tamén de enviar unha copia do programa da Tirada á FEGATO e a cada delegación provincial para que sexa difundido entre os clubs.

TIRADORES:

Todos os tiradores que desexen participar deberán estar afiliados á FEGATO e asociados a un club que estea recoñecido pola REFedeTO para exercer esta actividade no ámbito nacional.

Deberán acreditar a súa participación en actividades federativas de ámbito autonómico durante un ano, ou dous en ámbito provincial, nas modalidades deportivas recoñecidas pola ISSF.

Aparte das anteriores e demais normas deberán estar, obrigatoriamente, en posesión da Licenza de Armas de Fogo Corta.

A condición de tirador que practica a modalidade de percorridos de tiro obriga a recoñecer e acatar todas as normas e regulamentos en vigor.

DIVISIÓNS:

Establécense as seguintes divisións:

- o Open
- o Estándar
- o Producción

Celebrarase o campionato galego de cada unha destas divisións, sempre que haxa inscritos un mínimo de seis (6) tiradores en cada unha delas.

As competicións de IPSC rexeranse, no concerninte a idade de cada Clase, polo seu regulamento

Recoñecerase a clase de tirador, excepto na categoría Junior, cando haxa, como mínimo, unha inscrición de tres tiradores. De non ser así agruparase na categoría anterior.

INSCRICIÓN:

Os clubs utilizarán o formulario oficial correspondente, incluído no programa facilitado polo club organizador, tramitarán as inscricións dos seus socios capacitados para intervir nestas competicións. Se por causas razoables non puidese realizarse a inscrición colectiva os propios interesados terán que cursala de forma individual.

As inscricións serán remitidas directamente ó club organizador, dentro do prazo límite marcado no programa, achegando xustificante de aboamento das inscricións (individuais e equipos). O club organizador remitiralle á FEGATO a relación de tiradores e clubs inscritos para comprobar que reúnen as condicións esixidas para a súa participación.

As cotas de inscrición, individual e por equipos, serán fixadas polo club organizador o seu importe estará en función dos gastos que se orixinen debido ás características de montaxe, o número de exercicios do Percorrido, os de organización, persoal de apoio e trofeos.

Os gastos, que serán por conta do club organizador, serán aboados con cargo ós ingresos por inscricións.

Os gastos de arbitraje serán asumidos pola FEGATO. De se producir gastos de desprazamento, estes serán aboados polo club organizador. En ambos casos o pagamento realizarase de acordo coas normas da FEGATO.

AXUDAS EN CAMPIONATOS FASES FINAIS :

Nos campionatos Fases Finais estableceuse as *axudas seguintes por División :

- O Campión Galego: 90,00 €(sempre que haxa 12 o mais tiradores participantes)
- O Subcampión Galego: 75,00 €(sempre que acade ou supere o 97% de efectividade na clasificación xeral)
- O Terceiro clasificado: 50,00 €(sempre que acade ou supere o 95% de efectividade na clasificación xeral)

* Para obter as axudas debera haber unha participación de 12 o mais tiradores

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS DE CLUBS:

Os clubs, para poder participar nos Campionaos Galegos Fases Finais de Clubs deberán estar inscritos na Federación Galega de Tiro Olímpico e ter abonado o canon federativo do ano en curso.

Os clubs poderán presentar tantos equipos como desexen.

Os equipos estarán formados por catro (4) tiradores, dos que puntuarán os tres (3) mellores clasificados das distintas divisións.

Para formar parte dun equipo os tiradores terán que estar inscritos no campionato de forma individual

Os tiradores que participen só poderán representar o club que figure na súa licenza federativa

Soamente haberá unha clasificación por equipos.

Para que se leve a cabo terá que haber inscritos como mínimo tres equipos de clubs.

FORMACIÓN DE EQUIPOS E AXUDAS PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA

EQUIPOS

Sempre que a FEGATO o estime conveniente, en base ó nivel dos posibles asistentes, enviarase un equipo galego que represente a Galicia nos campionatos de España.

A cota de inscrición dos compoñentes dos equipos galegos será con cargo á FEGATO.

Para a formación dos equipos teñen que cumprirse as seguintes condicións.

En relacion coa modalidade de Percorridos de tiro, para formar equipo que represente a esta Federación nos Campionatos de España nas distintas divisións, terían que participar un mínimo de 12 tiradores en cada división no Campionato galego, e que os 4 integrantes do equipo superen o 60% de efectividade.

Os equipos da FEGATO estarán compostos por catro tiradores e formaranse da seguinte maneira: os compoñentes serán os catro primeiros clasificados segundo o Campionato galego. De non ser posible a composición deste xeito, o cuarto compoñente será designarase a criterio da FEGATO, en base ao ranking galego ou outras actuacións do deportista

Caso de non celebrarse o Campionato Autonómico da modalidade a FEGATO, de consideralo oportuno, nomeará os tiradores máis acreditados para formar o equipo galego.

Un tirador representará a Galicia cando así o propoña a FEGATO mediante a súa inscrición oficial.

Bolsas de Axuda

Os compoñentes do equipo galego participantes no campionato de España representando a Galicia terán as seguintes bolsas de axuda para desprazamentos e estancias:

- Na Comunidade Autonómica.....150,00 €
- Ata 500 km, a contar dende a sede federativa.....270.00 €
- A partir de 500 km300.00 €

Os tiradores que acaden unha medalla a nivel individual recibirán as axudas seguintes :

- Medalla de Ouro.....100,00 €
- Medalla de Prata.....75,00 €
- Medalla de Bronce.....50,00 €

Na Copa Copa Presidente percibirán axuda os que a final destas cumpran as seguintes condicións:

- 400.00.- €- os que asistan a catro *fases e queden no Ranking Nacional entre os oito primeiros postos
- 300.00.- €- os que asistan a tres *fases e queden no Ranking Nacional entre os oito primeiros postos
- 200.00.- €- os que asistan a catro *fases aínda que non queden no Rancking Nacional entre os oito primeiros postos.
(*nas fases conta o campionato de españa)

A xunta directiva da FEGATO, previa aprobación da comisión delegada, poderá aumentar ou diminuír as axudas segundo as disposicións económicas.

Os tiradores que asistan a campionatos de España en representación da FEGATO comprométense, polo feito de ser inscritos, a rematar as competicións e esperar a súa final.

Os compoñentes do equipo galego que resulten clasificados deberán esperar a entrega de trofeos e recibir a honra que lles corresponda. Proporcionaráselles vestimenta con anagramas da FEGATO, que deberán usar, obrigatoriamente, na entrega de trofeos, medallas ou diplomas.

A negativa a formar equipo sen causa xustificada ou o incumprimento das normas anteriores suporá a non percepción da axuda correspondente así como o veto para formar equipos que representen a Federación Galega de Tiro Olímpico.

Para percibir as axudas programadas os tiradores teñen que cumprir co disposto no artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

De non acudir o presidente ou vicepresidente da Sección de Precisión nomearase a un Delegado Federativo que representará á FEGATO no campionato designado, coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición deberá, á maior brevedade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato para constancia da Federación. De non ir formando parte do equipo, aboaráselle os gastos de desprazamento, máis unha axuda de custo

reducida por cada día de competición, mais outra polo día anterior ó inicio da Competición.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, aboaranselle unha axuda de custo reducida por cada día de competición mais outro polo día anterior ó inicio da Competición

TROFEOS:

Establécense os seguintes trofeos, mínimos, atendendo o nivel de participación :

Individual :

- o 1 a 4 tiradores 1º Diploma
- o De 1 a 7 tiradores 1º Trofeo e Diploma
2,3,4,5,6, Diploma
- De 1 a 9 tiradores 1º e 2º Trofeo e Diploma
3, 4,5,6, Diploma
- de 10 en diante 1º 2º e 3º Trofeo e Diploma
4º, 5º e 6º Diploma

Equipos:

- 3 equipos 1º Diploma
2º Diploma
- De 4 a 6 1º Trofeo e Diploma
2º, 3º y 4º Diploma
- de 6 en diante 1º 2º y 3º Trofeo e Diploma
4º, 5º e 6º Diploma

A organización, ademais dos anteriores, poderá establecer os trofeos de cortesía que considere oportunos. Ó finalizar a competición procederáse á entrega dos trofeos.

COMPETICIÓN:

Antes do comezo da competición deberase expoñerlles en lugar visible e accesible a todos os participantes a seguinte información:

- Identificación do match director, do ranger master, dos ranger officers designados e do delegado federativo da FEGATO
- Relación de participantes e composición das escuadras
- Relación dos equipos e os seus compoñentes
- Cadro de distribución de escuadras por Stages e horarios de comezo
- Composición do xurado de competición

Tamén deberán figurar os premios, que se entregarán atendendo á participación, por categoría das armas e de tirador.

LICENZA NACIONAL (de percorridos de tiro)

Para obter a licenza nacional de percorridos de tiro cómpre ter a licenza territorial correspondente e ter acreditada a participación en modalidades de tiro da ISSF durante un mínimo dun ano se é de ámbito nacional ou dous de carácter territorial.

Os tiradores de percorrido de tiro que a soliciten por primeira vez deberán posuír a licenza nacional do ano en curso e contar ademais co Certificado de Aptitude asinado polo técnico responsable do club ó que pertenza.

Para poder participar nas competicións oficiais de carácter nacional deberán posuír a Licenza federativa nacional en vigor, e solicitala, a través da FEGATO, no primeiro Trimestre do Ano, e sempre con dez (10) días de antelación o remate do prazo da inscrición.

A solicitude farase utilizado o impreso oficial e debe enviarse ben por correo ordinario, electrónico o fax á FEGATO, o ingreso debe realizarse na conta aberta en Novagalicia banco co número ES83-2080-5500-4130-4011-3430, en tanto non se realice o ingreso a solicitude no será tramitada

Os tiradores que desexen participar en campionatos organizados pola Real Federación Española de Tiro Olímpico deberán formalizar a inscrición na súa delegación provincial 72 horas antes de que finalice o prazo sinalado pola REFEdETO,

aboando o seu importe no momento de formalizar a inscrición.

Para o non contemplado nestas e como ampliación delas estarase ó disposto nas:

- Regras da Confederación Internacional de I.P.S.C.
- Normas técnicas para a práctica de Percorridos de Tiro de R.F.de T.O.

As presente normas foron aprobadas pola asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada o 28 de Decembro de 2013

----- O -----

NOTAS ACLARATORIAS

- Ós premios en metálico, bolsas de axuda, medallas, etc., superiores a 300,00 € aplicaráselles a dedución do 21% de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- As cantidades que se abonen aos técnicos da Federación Galega de Tiro Olímpico, Adestradores e Xuíces-árbitros, aplicaráselles a dedución do 2% de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- As actividades oficiais programadas e os correspondentes orzamentos executaranse sempre que os ingresos destinados á actividade de precisión o permitan.
- Para poder cobrar os premios en metálico ou bolsas de axuda, os tiradores teñen que cumprir coa condición política de galego que ben establecida no artigo 3.1 da lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia no que se di expresamente que gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- Os Campionatos Autonómicos Clasificatorios, Finais e Interprovinciais son válidos para a renovación e o ascenso de clase (terceira a segunda) para as LICENZAS de armas tipo “F”, agás nas modalidades de Armas Históricas e Aire Comprimido.
- As competicións e tiradas restantes que se publican como actividade social, aínda que son de carácter autonómico, só son válidas para a renovación da LICENZA de armas tipo “F” de segunda ou terceira clase, agás nas modalidades de Armas Históricas e Aire Comprimido. As competicións deberan realizarse de acordo coas normas e regulamentos en vigor
- O Calendario de actividades sociais das modalidades de precisión foi programado a solicitude dos clubs interesados, legalmente inscritos na Federación Galega de Tiro Olímpico e que dispoñen de instalacións regulamentarias.
- Os clubs organizadores remitiranlles, nos dez días seguintes a celebración da tirada, ás delegacións as actas das competicións realizadas, que deberán estar asinadas polo árbitro oficial e polo responsable do club; de non ser así non serán válidas. O incumprimento ou a non aplicación das normas de competición será responsabilidade do club organizador
- Nas Modalidades da MLAIC só se celebrarán competicións nas modalidades de Mariette, Kuchenreuter, Vetterli e Donal Malson
- **Nas finais olímpicas das Modalidades de Carabina Aire (10mts), Pistola Aire 60 e 40, Pistola Libre e Carabina tendido(50 mts) tendo en conta que as normas que rixen as finais están pensadas para brancos electrónicos cabe facer, sin que afecte o mais mínimo ás puntuacións, unhas pequenas adaptacións que faciliten o seguimento das finais con brancos de papel:**
 - **De non existir proxector o pantalla onde tiradores e publico poidan visualizar as puntuacións procederase a cantar os disparos da seguinte:**
 - **Na 1ª fase de Competición, en cada unha das dúas series de 3 disparos, cantarase, una vez feito o terceiro disparo, os puntos de cada disparo e o sumatorio.**
 - **Na 2ª Fase de Competición cantarase, una vez feito o segundo disparo, os puntos de cada disparo e o sumatorio, coincidindo co anuncio do tirador eliminado.**
 - **Na 2ª fase de Competición os tiradores permanecerán a espera das voces de “transporten brancos” e, unha vez realizado o disparo, de “traigan brancos”, evitando de esta forma distraer o resto de tiradores**
- O tirador que desexe participar en competicións organizadas pola Real Federación Española de Tiro Olímpico, ten que estar en posesión da licenza federativa nacional correspondente, (Prato, Precisión ou Percorridos de Tiro), antes da súa inscrición. O realizarse a mesma por un sistema informático, non é posible a súa inscrición senón está tramitada a súa licenza nacional. O Tirador ten que abonar a Licenza federativa de categoría nacional no intre de solicitala, **a Real Federación Española de Tiro Olímpico, establece como data límite de solicitude o 31 de marzo do ano en curso.**
- Aqueles tiradores que desexen inscribirse en algunha competición que comenza dentro dos tres primeiros meses, deberán tramitar a renovación da súa licenza nacional coa antelación suficiente. Enténdese por antelación suficiente, como mínimo 10 días hábiles, antes da data límite de inscrición da competición. Consideranse días non hábiles, para este efecto, os sábados, domingos e festas nacionais non substituíbles.
- A licenza nacional de precisión expedirase coa categoría que corresponda a idade que o solicitante cumpra durante o período de vixencia da mesma. Todos os tiradores cambiarán de categoría no mesmo ano en que cumpran a idade mínima fixada.

- Os tiradores que pasen a categoría de veterano, teñen a posibilidade de renunciar a ésta categoría mediante comunicación por escrito a través desta Federeración Territorial á REFEDETO. A renuncia a favor da permanencia na categoría senior realizarase xunto coa solicitude de Licenza Nacional. O incumprimento deste requisito en tempo e forma invalidará a pretensión de ser inscrito na categoría senior. Unha vez efectuada a renuncia á categoría de veterano, manterase a de senior para toda a tempada.
- Prezos das licenzas Nacionais:
 - Prato, Precisión e Percorridos de Tiro: 60,00 €
 - De técnico: Con seguro deportivo 20,00 € sen seguro 18,00 €(Pendente Refedeto)
- O Tirador deberá preocuparse de que a súa crase ou categoría nacional coincida coa categoría que ten asinada na licenza federativa galega.
- Para a emisión de certificacións de resultados só se certificarán, a petición dos tiradores, aquelas medallas ou resultados conseguidas nas competicións de nivel español das que se teñan Actas.
- As modificacións nas licencias federativas, so se admitirán as solicitudes que teñan entrada na Federación Galega de Tiro Olímpico, antes do día 30 de novembro do ano anterior ó que se solicita a modificación. A solicitude de cambio de Club ten que ter a aceptación do Club para o que solicita o cambio. **Deberase presentar escrito en orixinal asinado polo interesado e polo club para o que solicita o cambio.**
- A FE.GA.TO., se o considera oportuno, poderá invitar a tiradores, clubs ou federacións de fora de Galicia co obxeto de intercambiar ou establecer relacións deportivas.

A Federación Galega de Tiro Olímpico dispón dunha caixa de correo electrónico cos seguintes enderezos:

Sede Central:	galega@fegato.eu
Delegación de A Coruña:	acoruna@fegato.eu
Delegación de Lugo:	lugo@fegato.eu
Delegación de Ourense:	ourense@fegato.eu
Delegación de Pontevedra:	pontevedra@fegato.eu

Así mesmo, conta una páxina web: www.fegato.eu

A sede da Federación Galega de Tiro Olímpico permanecerá pechada durante o mes de agosto por vacacións.